A Historia da Literatura Galega 06

Poesía culta e teatro. Pensamento ilustrado



La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Nieves García Centeno, Victoria G. Lastra, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez

Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Real Academia Galega, Arquivo do Reino de Galicia, Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, Museo de Pontevedra

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1596-2010
ISBN: 978-84-96561-29-8

A Historia da Literatura Galega 06

Poesía culta e teatro. Pensamento ilustrado

La Voz de Galicia

Índice

7 **1. POESÍA CULTA**

8 1.1. Sonetos de influencia renacentista

12 Isabel de Castro e o seu «Araucana»

16 1.2. Homenaxe polo falecemento de Margarita de Austria

21 1.3. Polémica sobre compartir o patronato de España

23 1.4. Certames da Universidade de Compostela

29 1.5. Certame da cidade de Ourense en 1708

31 1.6. Festas Compostelás de 1713

32 1.7. Teatro

43 **2. A ILUSTRACIÓN EN GALICIA**

43 2.1. Pensamento e reformas da Ilustración galega

43 O Século das Luces

45 Moderación das propostas dos ilustrados galegos

50 Melloras nas actividades agrarias

50 Defensa da pesca galega

52 Fomento da artesanía, a industria e o comercio

58 Defensa da cultura e da lingua de Galicia

58 Escritos de calidade dos ilustrados

60 Labor de individualidades

Aspecto que tiña en 1860 o actual edificio de Capitanía Marítima, a carón da praza de Azcárraga (casco vello da Coruña), que dende o século XVI foi sede da Real Audiencia



1 POESÍA CULTA

As mostras literarias cultas son aínda máis escasas que as populares durante os séculos XVI e XVII. Como din Anxo Gómez e Mercés Queixás, a marxinación política, cultural e lingüística que sufría Galicia impediu que a nosa literatura puidese incorporarse con forza ás novas correntes artísticas da época, o humanismo e o barroco, que fixeron brillar á literatura en castelán no chamado século de ouro. Só se conserva un número moi reducido de poemas en galego, que, pola temática e tratamento, denotan algunhas influencias renacentistas e barrocas.

As mostras literarias cultas deste período son escasas. Máis que na súa calidade literaria, o seu valor reside en certificar que o galego escrito non se perdeu totalmente

1.1. Sonetos de influencia renacentista

Case como unha excepción, do século XVI chegaron aos nosos días dous sonetos de influencia renacentista, escritos en galego. Un deles é de ambiente bucólico pastoril. É anónimo, crese que de 1530 e coñéceselle como *Soneto de Monterrei*. Denomínaselle así porque, naquel momento, o pazo dos Condes de Monterrei (Ourense) era lugar de encontro de mecenas e poetas, un pequeno foco de cultura e de actividade literaria, que, ademais, contaba cunha imprenta propia, que coas de Mondoñedo e Ourense, era a mái antiga de Galicia.

De 1530 data o Soneto de Monterrei, en referencia ao castelo do mesmo nome, que ademais contaba cunha imprenta propia, unha das máis antigas de Galicia. Á dereita, detalle do castelo de Monterrei

O segundo soneto foi escrito por Isabel de Castro Andrade, condesa de Altamira (1520-1582), con motivo da publicación da Araucana por Alonso de Ercilla. No poema é notable a influen-

cia lingüística portuguesa, dada a ausencia de normas para o idioma galego.

Aracana naçaon, máis venturosa,
máis que quantas hoge ha de gloria dina,
pois na prosperidade e na ruina
sempre envexada estás, nunca envexosa.

Se enresta o ilustre Afonso a temerosa
lança, se arranca a espada que fulmina,
creio que xulgareis que determina
só o conquistar a terra belicosa.

Faraa, mais nao temais essa mao forte,
que, se vos tira a liberdade e a vida,
ela vos pagará ben largamente.

Que, a troco dúa breve e honrada morte,
co seu divino estilo, esclarecida
deixará vosa fama eternamente.

Isabel de Castro (siglo XVI)

O Castelo dos Condes de Monterrei

➜ Situado no concello do mesmo nome, na provincia de Ourense, o castelo de Monterrei constitúe a acrópole máis grande de Galicia e forma un conxunto de evidente interese con tres recintos amurallados sobre unha alongada lomba. Un dos accesos ao recinto presenta unha ponte levadiza, elemento propio destas fortalezas. As ameas, os pequenos vans e un pozo de 14 metros situado no patio interior completan as defensas do edificio. Ao patio de armas do castelo accédese por unha porta practicada nunha muralla.

Este complexo monumental fortificado, que estableceu as liñaxes de Ulloa, Zúñiga, Viedma, Fonseca, Acevedo e os duques de Alba, foi un lugar estratéxico desde a Idade Media, na fronteira con Portugal. A súa historia é grande, pois o val foi poboado no século X. O castelo construíuse no século XII por Alfonso Henriquez, neto do rei Afonso VI, e tornouse importante no século XIV con Pedro I o Cruel. Outro dato, en 1506, Felipe o Fermoso vén reunirse alí co cardeal Cisneros.

A fortaleza foi incorporando diferentes estilos ao longo da historia. A Torre das Damas foi construída no século XIV. Entre o XV e XVII os sucesivos condes de Monterrei construíron o pazo renacentista, a Torre da Homenaxe, o hospital para os peregrinos e a igrexa gótica de Santa María. Na idade moderna erguéronse dous recintos que contiñan os conventos franciscanos e xesuítas. O papel militar fortificado deste pazo foi complementado pola importancia da vida cultural da pequena nobreza. Alí foi impreso o primeiro incunable galego e ensinábase gramática, artes e teoloxía. ✸

O castelo de Monterrei, en Verín (Ourense), foi lugar de encontro de mecenas e poetas, un pequeno foco de cultura e actividade literaria no século XVI

Isabel de Castro e o seu «Araucana»:

Isabel de Castro é una figura que se considera fundacional dentro da tradición literaria galega de mulleres polo seu poema escrito nunha variante lingüística derivada do galego-portugués. Tamén nesta época aparece referenciada Francisca de Isla e Losada, ilustrada medio irmá do Padre Isla. As dúas abren unhas portas que xa non se volverán pechar.

Escudo da liñaxe dos Andrade, situado na torre do mesmo nome, na vila coruñesa de Pontedeume

A principios do século XVI a presenza de poetisas nos cancioneiros é escasa e a tendencia non mudará ata finais dese mesmo século. De aí a importancia de figuras como Isabel de Castro.

Retrato de Felipe II, a quen Isabel de Castro lle dedica o seu Araucana

A Isabel de Castro atribúenselle dous poemas, pero dubídase da súa autoría. Así, hai críticos que defenden a autoría española, ao dicir que era unha dama galega, e outros vincúlana a familias lusas, identificándoa como filla de Álvaro Pérez de Andrade, descendente dos condes de Andrade e Villalba, e morta en Lisboa en 1595. O seu poema Araucana está dedicado a Felipe II, polo que outros críticos a identifican como condesa de Altamira, nacida en 1576; outros autores din que naceu en Pontedeume, en 1516, filla do cuarto conde de Lemos e esposa de Rodrigo de Moscoso, que participa na academia da infanta Isabel Clara Eugenia e atribúenselle catro poemas. Máis preciso é Eugenio Carro Aldao, quen di que a «favorita das musas», como era recoñecida, naceu en 1528, casou en 1555 en Valladolid e morreu en 1582. Segundo este autor, Isabel de Castro escribiu varios poemas, ademais do Araucana, perdidos nalgún libro da Biblioteca Nacional.

O condado de Altamira

➜ O condado de Altamira é un título nobiliario español, creado en 1455 polo rei Enrique IV de Castela a favor de Lope Sánchez de Ulloa e Moscoso, señor das casas de Altamira. Foi elevado á Grandeza de España en 1613 polo rei Felipe III a favor de Lope de Moscoso e Osorio, quinto conde de Altamira.

Restos das Torres de Altamira, no concello coruñés de Brión. Testemuña das numerosas liortas entre a nobreza e a Igrexa, data do s. XI

A fortaleza de Altamira, que ocupaba un lugar estratéxico, foi destruída polos Irmandiños e asediada en 1471 polo arcebispo de Santiago. Chegou a ter seis torres, un cómodo pazo e unha capela

En 1455 Enrique IV de Castela legaliza o título de conde de Altamira dando así orixe a unha das máis grandes familias da nobreza galega, chegando a rivalizar coas outras familias como os condes de Lemos e os de Monterrei. Algúns autores, pola contra, defenden que foi con anterioridade, por Juan II de Castela, e hai incluso quen apunta a unha data posterior, concretamente ao ano 1475, en tempos de Isabel I de Castela.

Lope Sánchez de Ulloa e Moscoso mantivo repetido enfrontamento co seu rival o arcebispo de Santiago de Compostela, o poderoso Fonseca, ao que por fin derrotou, e foi a partir de entón cando acadou o título de conde de Altamira, xa que anteriormente só empregaba o de vizconde de Fisterra. ✸

1.2. Homenaxe polo falecemento de Margarida de Austria

En 1612, a Real Audiencia, con sede na Coruña, publica un libro con motivo das exequias á raíña Margarida de Austria. A raíña, esposa de Felipe III desde 1598, falecera en El Escorial o 3 de outubro de 1611, a consecuencia do seu oitavo parto cando contaba 26 anos de idade. Unha raíña querida, chorada pola corte e por toda a poboación. Por iso, as oracións e escritos fúnebres proliferan por toda España. O libro da Real Audiencia reúne as creacións poéticas feitas en Galicia para honrar á raíña defunta. Hai que ter en conta que A Coruña era, por aquel entón, unha cidade pequena e provinciana, sen a tradición cultural de Santiago. De todos os xeitos, a afluencia de poemas foi significativa, sobre todo en latín e en castelán. Sábese que tamén houbo varias composicións en galego, que foron expostas na fase mural inicial. Pero na publicación inclúense nada máis que

A Real Audiencia da Coruña publicou varios acontecementos da época, como as exequias. Esta portada coas súas ordenanzas, data do ano 1679


ORDENANZAS
DE LA REAL
AVDIENCIA
DEL REYNO DE
GALICIA:

IMPRESSAS EN LA CIVDAD DE
la Coruña: Por ANTONIO FRATZ.
Año de 1679.

A raíña Margarida de Austria, esposa de Felipe III dende 1598, faleceu en El Escorial en 1611, a consecuencia do seu oitavo parto aos 26 anos de idade

dous sonetos en galego, ambos con influencias barrocas. Quizais indica que este idioma aínda gozaba de prestixio entre certas clases cultas, xa que foi elixido para un tema tan relevante como a morte da raíña. Os autores destes sonetos son Pedro Vázquez de Neira e Joan Gómez Tonel.

Dous sonetos en galego, con influencias barrocas, honran á raíña defunta

Pedro Vázquez de Neira, de profesión médico ao servizo da Audiencia, foi un home de vasta cultura, e escribiu o soneto *Respice finen*, considerado o poema de máis alta cali-

RELACION
DELAS EXEQVI-
as que hico la Real Audien-
cia del Reyno de Galiçia, á la Mageſtad
de la Reyna D. Margarita de
Auſtria nr̃a Señora
(q̃ Dios tiene)

Deſcriptas, y pueſtas en ſtilo por Ioan Go-
mez Tonel, reſidente en la ciudad
de la Corunña

Palida Mors
Regum que turres, æquo pulſat pede,
Pauperum tauernas

Impreſo con licencia en Sanctiago por Io
Pacheco anño de 1612.

Portada facsímil do libro publicado en 1612 pola Real Audiencia con motivo da morte da raíña Margarida de Austria

dade literaria destes séculos. É un soneto elexíaco, invitando a reflexionar sobre a morte, o medo e a resignación ante ela, xa que iguala a todos os humanos.

Morte cruel, esa traidora maña
de roubar de non cato a humana vida
¿con que ollos a puideches ver cumprida
na santa reina que hoxe perde España?

Se aquel rancor que te carcome e laña
che tiña a man, para matar, erguida,
¿non deras noutra parte esta ferida
onde non fose a lástima tamaña?

¿Non se torcera aquel fatal costume
e a lei que iguala do morrer na sorte
ós altos reis cos baixos labradores?

Terrible, en fin, é teu poder, ¡oh Morte!,
pois diante de ti reis e señores
son néboa, sombra, poo, son vento e fume.

Vázquez de Neira, Respice finem (1612)

Joan Gómez Tonel era tamén funcionario da Audiencia na Coruña. A través dos seus escritos, apréciase que posuía unha cultura inferior á de Vázquez de Neira, pero un gran entusiasmo e esforzo por conseguir unha creación literaria. Seu é o segundo soneto que aparece publicado no libro da Audiencia. É un soneto con estrambote, cunha estrutura e métrica similares a outras composicións da literatura en castelán do Renacemento e o Barroco. Nel eloxia as virtudes da raíña. Reproducimos un fragmento:

O mundo Reina, o Rey súa Margarida,
A Fe colúa, a virtud exemplo
A pedra (cujo engaste foi) España.
Chore a nosa montaña,
do gando, leite e novidade espida,
semellando ás abellas no exemplo:
Que se a sua Margarida,
Reina, precio, colúa, pedra, templo,
perden Rei, Mundo, Fe, Virtude, España,
Ti, que tal perda viche,
¡Oh, magoada Galicia!, ¿qué perdiche?

GÓMEZ TONEL, SONETO CON FALDA (1612)

1.3. Polémica sobre compartir o patronato de España

Do século XVII son igualmente unhas décimas, en galego, da autoría de Martín Torrado, un clérigo que fora reitor do Colexio Fonseca. Abordan o polémico tema da pretensión do rei Felipe IV, en 1617, de nomear a santa Teresa de Ávila como patroa de España, xunto ao patrón Santiago Apóstolo –que érao desde tempos remotos–. As reaccións non se fan esperar, predominando a oposición á idea real, tanto a nivel xurídico como literario –culto e popular–. Por exemplo, o escritor Francisco de Quevedo é un dos que se sitúan en contra, xa que era gran defensor do Apóstolo e ostentaba a Cruz de Santiago.



En 1617, o rei Felipe IV quiso nomear a santa Teresa de Ávila patroa de España xunto ao apóstolo Santiago. Houbo moitas reaccións contrarias expresadas de maneira literaria

Nos versos de Martín Torrado, predomina a ironía e o humor para defender a exclusividade do patronato de Santiago Apóstolo. E, ao mesmo

tempo, queda reflectido o pensamento da época: a intolerancia ante outras relixións –contra mouros e xudeus–, e unha certa concepción de superioridade do masculino ante a proposta dunha santa. A aceptación popular deste poema foi grande, xa que, ademais de por escrito, transmitiuse oralmente.

A literatura do século XVII manifestaba a intolerancia cara a outras relixións

Santo de barba dourada,
vello honrado, meu patrón,
raio, fillo do trebón,
capitán de roxa espada,
señor da cruz colorada,
valente e forte guerreiro
quen todo o mundo enteiro
polo mar e pola terra,
chama, na paz e na guerra
Sant-Iago o cabaleiro

Eu, meu santo, oín agora
ao crego desta maneira:
que vos dan por compañeira
unha santa, gran doutora,
¡Vállame Nosa Señora!

Ende, ¿vós non bastás sóo
Para desfacer en póo
cantos mouros e xudeos
houber contra a Fe de Deus?
Decíao el meu abóo.

Martín Torrado, 1617

Santa Teresa de Ávila foi proposta por Felipe IV como patroa de España, xunto co apóstolo Santiago, pero non tivo moitos adeptos

1.4. Certames da Universidade de Compostela

A actividade académica e cultural da Universidade galega, a de Santiago de Compostela, é o marco no que xorden outras creacións literarias cultas. Segundo Alonso Montero, son manifestacións culturais illadas, sen continuidade, e nas que aparece o idioma galego de forma minoritaria, no que el denomina poesías académicas.

A Universidade de Santiago fora fundada no século XV da man de Alonso de Fonseca. No XVII amplía a súa oferta educativa ao abrirse a facultade de Medicina (1649), polo que a vida cultural compostelá vese dinamizada. As Festas Minervais, que viñan celebrando desde 1536 en honra do seu

As Festas Minervais

Escultura de Alonso III de Fonseca, no patio do Colexio Fonseca, en Santiago, que na actualidade acolle a Biblioteca Xeral da Universidade

➜ Tras a apertura en 1649 das Facultades de Dereito e Medicina en Santiago de Compostela, púidose celebrar, grazas á diversidade de estudantes, o concurso literario das Festas Minervais de 1697, que se convocou en recordo do arcebispo Alonso III de Fonseca, o Grande. Como resultado, publicouse unha recompilación dos traballos presentados: «Festas Minervales e aclamación perpetua á Musa», na que se atopan nove romances escritos en galego, a minoría dos recollidos neste volume.

Aínda que é certo que as bases do certame só permitían o emprego do galego baixo a forma do popular romance, e non en estrofas máis cultas, como as silvas, os sonetos ou as estanzas, para as que se prescribe o uso do castelán, estas pezas testemuñan a existencia dunha poesía académica en galego e de certa conciencia lingüística entre as elites cultivadas na Galicia do século XVII, o que pode parecer estraño nunha institución como a

Universidade compostelá, que tradicionalmente foi considerada como un· «foco de ideoloxización castelanizante», pero que non resulta de todo incomprensible se temos en conta que os Colexios Universitarios compostelán, especialmente os de Santiago Alfeo ou de Fonseca e o de San Jerónimo, eran das poucas institucións galegas nas que o acceso se reservaba para os naturais do país, polo que se converteron en baluarte da nobreza culta de Galicia.



FIESTAS MINERVALES, Y aclamacion perpetua de las Musas, à la inmortal memoria de el Iluſtriſsimo, y Excelentiſsimo Señor

D. ALONSO DE FONSECA El Grande,

ARZOBISPO DE TOLEDO, Y DE SANTIAGO, POR SV ESCVELA, Y VNIVERSIDAD, QVE AFECTVOSAMENTE LAS CONSAGRA, DEDICA, y ofrece, al Excelentiſsimo Señor Conde de Monte-Rey, ſu Protector, Valedor, y Mecenas:

POR MANO DE EL DOCTOR D. IOSEPH VARELA y Vaſadre, Retor de dicha Vniuerſidad, y Prior de la Santa Apoſtolica Igleſia de el Señor Santiago: Con acuerdo de Claustro; y por ſu comiſsion; de el Secretario, que obediente las deſcriue.

CON LICENCIA.

En Santiago: Por Antonio Frayz. Año de 1697

Portada facsímil do concurso literario das Festas Minervais de 1697, que se convocou en recordo do arcebispo Alonso III de Fonseca, e no que participaban os estudantes

As Festas Minervais celébranse esporadicamente ata 1778, ano en que se prohibiron definitivamente, o mesmo que o resto das representacións teatrais durante o curso, para «evitar distraer os estudos» ✸



34 *Certamen Olympico.*
DE D. FRANCISCO ANTONIO DEL VALLE.

ROMANZE GALLEGO.

ILuſtre Afonſo me mandan;
Que en vinte copras galegas
Diga, ſi vos debe à Patria
Mais, que vos debès à ela.
Eu non ſei por onde empeze
Nomear voſas grandezas;
Voſos feitos, voſas obras,
Porque non nacin Poeta.
Si fora coma vn Ovidio,
Que o mamou coa teta
Nón figera vinte copras;
Figera mais de millenta.
Dubido do que farei
Para fair deſta enfeita;
Magino roer as vñas,
E bourar muy ben na teſta.
Por outra banda me din
Que colla è barra à tranqueyra
Donde Perſio dis que ſan
De repente grans Poetas.
Deixo à Fonte Cabalina
Quen quixer, que de la beba:
Non me acordo do Parnaſo,
Nin ſeño co el ſiquera.

Ben

Poema de Francisco Antonio del Valle, premiado no concurso literario de 1697

fundador, reciben un novo impulso. E nas de 1697, a universidade organiza un certame literario, que xera a publicación dun volume denominado *Fiestas Minervales y aclamación perpetua de las musas a la inmortal memoria de el Ilustrísimo y Excelentísimo Señor D. Alonso de Fonseca El Grande...* (hai unha edición facsímil, cun completo estudo, a cargo do profesor Alonso Montero). No libro recóllense as composicións dos concursantes. Entre elas, aparecen nove romances en galego, con leves influencias barrocas.

É de resaltar que, dos nove, cinco obtiveron premio. Asinaban estas composicións en galego, premiadas, **Joán del Río y Otero, Francisco Antonio del Valle, Juan Correa Mendoza y Sotomayor, Luis de Fuentes** y **Joseph Gil Tabeada.**

A Universidade de Santiago é o principal foco cultural de Galicia

Os autores dos outros poemas en galego incluídos na publicación das Festas Minervais, e non premiados, son: **Bernardo Vallo de Porras, Joseph Guerrero Lasso de la Vega, Juan Antonio Torrado** e **Ignacio Rodríguez.**

Ofrecemos un fragmento do poema de Joán del Río.

Ja que nos pujo o certamen
a porfía ou o probrema
na nosa lingua esquecida,
no mais que por ser galega,
ledo agora hasta no mais
porque lle coupese a ela
no ceu daquel gran escudo
tan siquer o ter estrela,
(...)

Joán del Río Otero (1687)



Certamen Olympico. 3ª
DEL Br. DON IOAN DEL RIO Y OTERO.

ROMANCE GALLEGO.

JÁ que nos pujo ò Certamen
A porfia, ou ò Probrema
Na noſa lingua eſquecida
Nomais, que por ſer galega.
Ledo agora haſta nomais,
Porque lle coupeſe à ela
No Ceu daquel gran Eſcudo
Tanſiquer ò ter Eſtrela.
Direi ò meu parecer,
Darei à miña ſentenza,
Porque me fai Leterado
O que me fijo Poeta.
A eſſa cabeça do mundo
Moito debeu Iulio Ceſar
Bos pais, è grandes amigos,
Moito amor, moita riqueza.
E Roma, que lle debeu
O grande Iulio à ò facela
De Cidade libre eſcraua,
E de ſiñora, ſojeita.
Os ſeus nobres moradores,
Fijoos gemer demaneira,
Que eſcollian mortes ſuas
Por non ver mortes alleas.

Deſdo

Facsímil do romance en galego de Joán del Río Otero, un dos gañadores das Festas Minervais de 1697

Os certames literarios son habituais en toda España durante os séculos XVI e XVII, e neles participan autores noveis, que moitas veces mostran escasa calidade, xunto con autores consagrados. Hai constancia da concorrencia a eles de Lope de

Detalle de «El escondido y la tapada», de Calderón, no monumento ao escritor na praza de Santa Ana, en Madrid. Calderón, como Góngora ou Lope de Vega, participaron nestes certames literios dos séculos XVI e XVII

Vega, Calderón, Góngora, etc. As bases que aparecen nas convocatorias son semellantes nos distintos certames, pois prefixan tema e formas métricas, polo que se limita a orixinalidade do concursante.

As Festas Minervais eran organizadas pola Universidade de Compostela en honra do seu fundador, Alonso de Fonseca. Concorrían ao certame poemas en latín, castelán e algún en galego

Ademais das Festas Minervais, noutras celebracións e certames que se convocan en Galicia, sempre exiguos, apenas aparece algunha creación en galego. Imos referirnos a dous deles, que,

aínda que celebrados nos primeiros anos do século XVIII, presentan trazos similares: o certame da cidade de Ourense e as festas compostelás.

O cóengo da catedral de Ourense presentou no certame de 1708 un poema en galego



1.5. Certame da cidade de Ourense en 1708

Para celebrar o nacemento do príncipe Luis Jacobo, a cidade de Ourense convoca un certame literario. De bases semellantes aos que organizaba a Universidade de Santiago, a participación de concursantes é moito menor.

Os poemas son publicados nun libro titulado *El Clarín de la Fama y Cíthara e Apolo.* «Con métricos rasgos a las reales fiestas que en el felicísimo nacimiento de el príncipe D. Luis Jacobo...»

Ao certame unicamente presentan un poema escrito en galego. É un romance de 56 versos, a

modo de acción de grazas ante a Virxe de Reza, polo feliz e real nacemento. O autor é **Joseph Noguerol e Camba**, cóengo da catedral de Orense. A cantidade de erratas e castelanismos que contén denota que o seu autor non estaba habituado a escribir en galego. Pero, a diferenza dos romances das Festas Minervais, que eran máis ortodoxos, Joseph Noguerol faino de xeito máis persoal, xa que dedica á introdución máis da metade dos versos –trinta dun total de cincuenta e seis–, e o resto, ao argumento, é dicir, o agradecemento á Virxe.

Ilustrísimo Señor,
oy a miña musa toda
say á praza a pubricar
as honras da nosa Aurora
de Reza, que é nosa imagen
que en iste pobo se adora,
por patroa singular,
por alegre, por señora,
por galega, por paisana,
por ser de Ourense a alma toda
[...]

JOSEPH NOGUEROL (1708)

1.6. Festas Compostelás de 1713

Son convocadas en 1713 para celebrar a canonización do pontífice Pío V e realzar a súa vida e obra. Ao certame envían escritos literarios en prosa e, en menor cantidade, en verso. Os



As festas compostelás de 1713 foron convocadas para celebrar a canonización do pontífice Pío V

poemas que concorren en galego permanecen expostos durante a primeira fase das festas, é dicir, a fase da poesía mural (na Sancristía), con todo, ningún deles é premiado. Por esa razón non se conservaron. O libro publicado sobre estas festas compostelás reproduce só dezaseis poemas anónimos, todos eles en castelán.

1.7. Teatro

A única peza de teatro que se conserva deste período reflicte o conflito pesqueiro entre galegos e portugueses



Posiblemente se escribisen e representasen, de cando en vez, obras dramáticas en galego desde a época medieval. Con todo, consérvase unicamente unha peza de teatro, datada no século XVII. Trátase do *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*, tamén coñecida como *Contenda dous labradores de Caldelas*. O seu autor é Gabriel Feixoo de Araúxo, que a escribe en 1671. Consta de nove escenas cun total de 433 versos, a base de monólogos e diálogos.

O seu argumento reflicte un problema daquel momento: a disputa pola pesca no río Miño entre portugueses e españois. Baséase nunha realidade histórica, pois os labradores de ámbalas dúas marxes do río tiñan unha

As poboacións de ámbalas marxes do Miño tiñan unha economía mixta, combinando a actividade agraria coa pesqueira

economía mixta, xa que complementaban a súa actividade agraria coas capturas nas ricas pesqueiras do Miño, en moitas ocasións obxecto de controversia. Sen dúbida, galegos e portugueses eran dous pobos con tantas similitudes históricas e tantas diferenzas... Ligados, nun principio, por un pasado común (a independencia de Portugal ten lugar en 1128) e por unha mesma lingua, a literatura trobadoresca medieval galaico-portuguesa brillara con forza. Despois, afloran as luces e sombras dunha relación de veciñanza. Está documentada a presenza de carabelas pesqueiras

portuguesas nas rías galegas, en cuxos litorais establecen campamentos para salgar as súas capturas. E a miúdo as naves galegas van largar as súas redes en augas portuguesas. Sempre xorde algún rozamento, pero se entretexen relacións de amizade. De novo, a unión política entre ámbolos dous países prodúcese en 1581, ao recoñecer Portugal como soberano ao rei de España Felipe II, quen xura e cumpre o respecto a todas as liberdades portuguesas. Pero con Felipe III chega o incumprimento, por mor da súa política centralizadora, que xera o amotinamento dos independentistas portugueses. En 1640 iníciase a guerra que enfronta a poboacións veciñas con esporádicos ataques e saqueos. As relacións comerciais paralízanse (chegada de sal portugués e exportación a aquel

Estatua de Felipe III na Plaza Mayor de Madrid

país de peixe galego). A paz, recoñecendo a independencia de Portugal, asínase en 1669. Momentos doces e amargos seguirán existindo nas relacións cotiás dos dous pobos veciños.

A unión política entre Portugal e España rómpese definitivamente a mediados do século XVII

A obra de teatro, con pasaxes populares e cómicos, presenta un desenlace feliz, con galegos e portugueses cantando e bailando xuntos, exaltando a amizade. Ten unha alta calidade literaria e non será publicada ata 1953.

Nun fragmento da peza, mediante un monólogo lírico, unha portuguesa chora ao crer morto a un portugués tras a disputa cos galegos:

Mais a raiba galega tao travessa
Escachou-vos a todos a cabeça.
Mufina de min, mufina, que farei?
Sem alma, gosto e vida donde irei?
Volve meus ollos a estes tristes braços,
Dar-vos despois de morto mil abraços,
Para ambos farei a sepoltura
E co isso darei a tal tristura.

Feixoo de Araúxo,
Entremés famoso sobre a pesca... (1671)

A primeiros do século XVIII aparece un teatro urbano laico coa chegada de compañías profesionais contratadas

Está documentada a afección ao teatro en Galicia. A miúdo se representaban pasaxes relixiosas do Nacemento, Paixón ou Morte de Jesús, quizais en latín ou castelán. O teatro tamén se aprecia e impulsa na Universidade.

Nas Festas Minervais de Santiago, represéntanse comedias ou traxedias –crese que tamén en latín ou castelán–, cuxos autores e actores son os propios estudantes.

Igualmente sábese da existencia dun teatro urbano laico, coa chegada de compañías profesionais de actores coñecidos, procedentes de Castela, contratadas con motivo dalgunha festividade de pobos e cidades. E cando a economía da poboación non permite o pago a profesionais, son os mesmos veciños os que actúan, con obras breves de carácter cómico.

Dada esta tradición teatral, diversos investigadores pensan que debeu de ser frecuente a posta en escena de pequenas pezas de teatro en galego –especialmente en entroidos e en festas populares–, que na memoria popular persisten co nome de farsas e entremeses, pero os seus textos non se conservaron.

O entremés é unha breve obra de teatro, que servía para entreter. Consta dun só acto e presenta un ton burlesco e unha ambientación popular. Pénsase que eran frecuentes en toda Galicia.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO INICIA A S

➜ «Gallaecia fulget». A Universidade de Santiago de Compostela celebraba, en 1995, o seu 500.º aniversario cunha magna exposición.

Efectivamente, xa no Medievo e a través do camiño de peregrinación, á cidade de Compostela chegaban influencias culturais desde Europa. Convertíase, así, nun dos principais centros de coñecementos e de estudos do norte de España e, por suposto, de Galicia.

A partir do século XII, a cidade desenvolve unha importante actividade intelectual e educativa, sempre ligada ao sector eclesiástico. No XV danse os pasos para o establecemento de estudos superiores, por medio de centros denominados Estudo Vello ou de Gramática e Estudo Xeral Compostelán, antecedentes da Universidade.

NDAINA

Un dos principais impulsores da educación é Alonso III de Fonseca (1474-1534), que crea o Colexio Maior Santiago Alfeo, despois denominado Colexio Fonseca, considerado a orixe da Universidade. Nomeado Arcebispo de Compostela en 1507, era un home culto, erudito, representante do humanismo renacentista en España. Exerceu de mecenas das artes e das letras. Conseguiu enormes melloras culturais, artísticas e económicas para a cidade de Compostela e para a súa Igrexa, ata que, en 1524, cesa nesta diócese para converterse en arcebispo de Toledo.


R. 28.922

CONSTITVCIONES
Reales de la Vniuerſidad, de
Sanctiago, y ſus Cole
gios, Mayor y
Menor.

QVE FVNDO EL ILLVSTRISIMO
y Reuerendiſſimo Señor Don ALONSO de FON
SECA, de buena memoria Arçobiſpo de
SANCTIAGO, y deſpues de
TOLEDO.

Ympreſſas en Sanctiago, en caſſa de
Luys de Paz. Año de.
1602

Facsímil da portada das Constitucións da Universidade de Santiago de Compostela, de 1602. O seu principal impulsor foi Alonso de Fonseca

A Universidade prosegue a súa andaina e, no século XVII, institúense novos estudos, como os de Medicina. O número de alumnos crece e a súa actividade tamén. Durante o século XVIII, as reformas borbónicas supoñen unha mellora e modernización dos estudos, alargando as carreiras e tratando de introducir criterios de unificación e racionalidade. Créanse novas cátedras e introdúcense estudos de carácter práctico e científico.

Nas Constitucións da Universidade de Santiago, que funda o arcebispo Alonso III de Fonseca, aparece o seu escudo, ano 1602

Co liberalismo do século XIX, a Universidade perde autonomía e sucédense normativas e regulacións diversas. Ademais, nela reflíctense as polémicas e tensións políticas e científicas, polo que profesores e estudantes estarán presentes nos acontecementos históricos de distinto signo, e sufrirán purgas e exclusións.

A Universidade de Santiago, no período que estudamos –de fins do século XV a mediados do XIX– dinamiza a vida cultural de Compostela e de toda Galicia. Os certames que organiza, coñecidos como



O Colexio Fonseca, considerado a orixe da Universidade compostelá, antes denominado Colexio Maior Santiago Alfeo

Festas Minervais e celebrados en honra do seu fundador, Alonso de Fonseca, xeran abundantes manifestacións literarias. E algunhas delas están escritas en galego. ✸

Coa Ilustración avánzase na industrialización e nos novos sistemas de transporte, como o ferrocarril. Na imaxe, gravado da época dunha fábrica de raís de aceiro



A ILUSTRACIÓN EN GALICIA 2

2.1. PENSAMENTO E REFORMAS DA ILUSTRACIÓN GALEGA

O Século das Luces

A Ilustración é unha corrente de pensamento que se produce en Europa no século XVIII, denominado tamén Século das Luces pola súa pretensión de disipar as néboas da humanidade coas luces da razón. É un gran movemento cultural e ideolóxico, que analiza a sociedade e os seus problemas para iniciar o camiño da súa reforma. Xorden e deféndense ideas filosóficas, políticas, sociais e económicas, co obxectivo de incrementar o benestar material do país, mellorar a sociedade e alcanzar a felicidade persoal.



En España acométense reformas políticas e administrativas inspiradas no modelo francés. Un dos seus maiores exemplos foi o escritor e pensador Rousseau

En España, a Ilustración prodúcese nun período no que, coa chegada dos Borbóns, estábanse acometendo reformas políticas e administrativas inspiradas no modelo francés. Con estes cambios pretendíase unha maior centralización política e unidade lexislativa e institucional. Desde mediados do século XVIII, o Despotismo Ilustrado esténdese, coa idea de reforzar o poder absoluto dos reis como medio de conseguir a riqueza do reino e o benestar dos seus súbditos. Carlos III, rei de España entre 1759 e 1788, é prototipo dos monarcas ilustrados da Europa dese momento. De todas

as maneiras, a existencia da Inquisición en España entorpece a difusión do pensamento ilustrado.

En Galicia as ideas da Ilustración, aínda que defendidas por unha minoría de persoas, manifféstanse con forza na segunda metade do século XVIII, xerando un destacado esplendor cultural. Á iniciativa dos ilustrados galegos débense numerosos proxectos de reformas para mellorar as condicións de vida e de traballo dos seus habitantes. Así mesmo, impulsan a actividade de institucións xa existentes, como a Universidade, e a creación doutras novas, como o Real Consulado da Coruña, as Sociedades Económicas de Amigos do País de Santiago e de Lugo ou a Academia de Agricultura do Reino de Galicia.

A Ilustración en Galicia está representada por individualidades, cun gran compromiso coa súa terra e unha prolífica obra, fundamentalmente en castelán.

Moderación das propostas dos ilustrados galegos

Os Ilustrados galegos realizan unha ampla análise da sociedade galega, pero as súas propostas de reforma son moderadas. A crítica que



O tren foi unha mostra máis da chegada das ideas da Ilustración. Este mapa de Galicia amosa a rede de ferrocarrís secundarios, da Sociedade Económica de Amigos do País

aparece nos seus escritos non pon en cuestión a estrutura social e política da sociedade da súa época, polo que non se lles pode considerar revolucionarios. Con todo, si que plasman unha dura e radical crítica aos abusos e inxustizas das clases privilexiadas, sexan nobreza ou clero. Delas denuncian o cobro desmesurado de taxas, o control da xustiza e a ociosidade. Os ilustrados tamén manifestan o seu desacordo cos valores dunha sociedade que despreza o traballo e os oficios manuais.

O carácter moderado das súas propostas queda patente cando, no canto de propugnar rupturas radicais, confían na capacidade da cultura para modificar o sistema económico e social. Así mesmo, non contrapoñen fe e razón, non se encaran á moral relixiosa tradicional, nin fan chamamentos á mobilización popular. Acoden ao rei para que avale as reformas necesarias e tratan de convencer a determinados membros das clases poderosas das vantaxes das reformas.

Os ilustrados denuncian de xeito radical os problemas de Galicia, pero as súas propostas de transformación son moderadas

Vestixios da Ilustración

➜ No século XVIII créanse moitas institucións e constrúense edificios que aínda se manteñen na actualidade. Así, en 1898, a Real Academia Galega de Belas Artes pasou a celebrar as súas sesións no pazo do Real Consulado do Mar na Coruña, que data de finais do século XVIII. Este edificio ten a súa historia. Foi construído por don José Ramos para vivenda propia na

Edificio actual que acolle a biblioteca do Real Consulado e a Real Academia Galega de Belas Artes, na rúa Panaderas, da Coruña. Antigamente tivo alí a súa sede o Real Consulado Marítimo e Terrestre, e o do Mar

actual rúa de Panaderas. Esta residencia xa fora alugada polo Real Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña no ano 1785, data da súa creación polo rei Carlos III, e en 1793 pasou a ser propiedade do Estado mediante o abono ao seu propietario de 290.000 reais de vellón.

Cidades galegas abertas ao mar comenzan a desenvolver unha industria máis mercantil cara ao exterior, sobre todo coa apertura dos consulados

Posteriormente, tras a disolución dos consulados, foi ocupado este edificio por numerosos organismos, entre moitos outros pola Sociedade Económica de Amigos do País, a Cámara Agrícola e Marítima, o

No. 18. La Coruña — Muelles de la Aduana Fotografía J. Gonzalez

Consello Provincial de Fomento, a Escola de Náutica e Navegación e posteriormente pola Biblioteca do Consulado, Academia de Belas Artes, Museo de Belas Artes e outras institucións.

En 1716 creouse a Intendencia Xeral do Reino de Galicia na Coruña, que naquel tempo se denominaba de Facenda, Guerra e Policía.

A recuperación económica que comeza a mediados de século, propiciada polas actividades produtoras e exportadoras dos empresarios cataláns afincados na cidade, así como polas numerosas actividades fabrís, trae consigo o establecemento dun servizo regular de buques correo coas Indias (cara á Habana, Montevideo e Bos Aires), con saída e retorno á Coruña como único porto da Península; a autorización a trece portos, entre eles o da Coruña, para comerciar con América, outorgada por Carlos III en 1778, e a creación, en novembro de 1785, do Real Consulado de Comercio Marítimo e Terrestre de Galicia.



Coa Ilustración, ademais da chegada das novas ideas buscouse facer rendible o labor no agro mellorando os aparellos tradicionais

Melloras nas actividades agrarias

Os ilustrados galegos denuncian a miseria en que vive o campesiñado galego, que constitúe a maioría da poboación. Critican a escasa rendibilidade da terra, a ignorancia do labrador, o excesivo pago de impostos e a posesión das terras por nobres e eclesiásticos. Ante iso, propóñense introducir melloras técnicas e aumentar as superficies cultivables, roturando terras e eliminando baldíos. Tamén expóñen repartir os montes comunais, simplificar as múltiples taxas e impostos e a dependencia de morgados e terras amortizadas eclesiásticas.

Defensa da pesca galega

A pesca galega viña realizándose de forma artesanal, ata que se implantan varias modificacións. Agora actualízanse as Ordenanzas da Matrícula do Mar (do século XVII), polas que se restrinxe o dereito de pesca aos mariñeiros inscritos nun censo, que deben acudir como tripulación das escuadras reais cando se lles chame.

Ademais, desde a segunda metade do século XVIII, chegan a Galicia os fomentadores cataláns, introdutores de nova tecnoloxía na captura e salgadura da sardiña, e dunha nova organización do traballo, que supón o inicio da penetración

capitalista nas actividades pesqueiras. Os cataláns aprópianse dos medios de produción (aparellos de arrastre como a xábega, barcos como o falucho, fábricas de salgadura...), colocan baixo a súa dependencia aos pescadores autóctonos e creban o sistema tradicional galego de pesca e comercialización da sardiña. Estas transformacións sociais e económicas afectan ás comunidades costeiras e xeran conflitos sociais. Ilustrados galegos como Cornide, Somoza ou Sarmiento fan unha dura crítica das artes, técnicas e métodos implantados polos cataláns, aos que chaman novos tiranos. E achácanlles ser os causantes de



Saída para a pesca do Buou. Ilustración galega e Asturiana, tomo III



Plano dos almacéns dunha fábrica e salgadeiro de sardiña do catalán Josef Carbonell, na Coruña, ano 1785, recollido dunhas actas xudiciais

todos os males da pesca galega, á vez que idealizan a situación anterior á súa chegada. É o comezo dun debate sobre proles e contras: os problemas que xeran e, doutra banda, a contribución innegable dos cataláns ao desenvolvemento da pesca en Galicia.

Fomento da artesanía, a industria e o comercio

O labor dos ilustrados diríxese a potenciar a transformación de produtos das actividades de Galicia como, por exemplo, o cultivo do liño e a

cría de gando vacún, na vía do desenvolvemento de industrias populares téxtiles e de curtidos. Para conseguir rendibilidade, os ilustrados preconizan a formación de artesáns e aprendices coa fundación de escolas específicas.

Defenden a modernización e mecanización da industria. Como concreción de fomento industrial, destaca a iniciativa de Antonio Raimundo Ibáñez, que crea, co apoio do Goberno, as reais fábricas de Sargadelos. Á súa vez, a Coroa favorece as comunicacións marítimas e comerciais e erixe o Arsenal e o Estaleiro de Ferrol, capital do Departamento Marítimo do Noroeste.

Os ilustrados defendían a modernización e mecanización da industria. Un dos exemplos producíuse na téxtil, seguindo o exemplo de Inglaterra

Sargadelos

➜ A cerámica de Sargadelos xurdiu da iniciativa ilustrada de Antonio Raimundo Ibáñez nos primeiros anos do século XIX, coa inauguración dunha fábrica de louza nesa parroquia do concello de Cervo (Lugo) no ano 1806. Nado na bisbarra asturiana dos Oscos, foi unha figura senlleira da primeira industrialización. Investindo os capitais acadados e contando coa protección en Madrid de Godoy, primeiro ministro de Carlos IV, foi quen de erguer unha potente siderurxia no lugar de Sargadelos e de asegurar a súa viabilidade cun contrato do Estado para producir municións no ano 1794. Ademais,

Sargadelos foi iniciativa dun ilustrado que apostou pola industrialización da cerámica e pezas de louza. Na foto, a entrada ao pazo do marqués de Sargadelos



Croquis da estrada da fábrica de Sargadelos, en Cervo, ao porto de San Cibrao, que data de setembro de 1867

dos seus altos fornos saíron moitos dos canóns, cadeas, rodas hidráulicas, útiles de cociña e demais ferramentas das empregadas na España do século XVIII, así como fermosos conxuntos escultóricos, fontes públicas e balaústres decorativos que aínda se poden recoñecer nalgunhas cidades galegas. Coa apertura da fábrica de louza en Sargadelos, Raimundo Ibáñez aproveitaba a oportunidade de mercado que supuxo o cesamento das importacións de louzas inglesas de Bristol. A prol desta iniciativa tivo parte a calidade dos xacementos de caolín existentes nas proximidades de Sargadelos.

Sargadelos foi a única real fábrica que non detivo a súa produción durante a Guerra da Independencia. Á morte de Raimundo Ibáñez, o seu fillo José asumiu o goberno da empresa e ampliou a fábrica orixinal. José Ibáñez asociouse con Antonio Tapia en 1835. Foi a época dourada do primeiro Sargadelos. A familia Ibáñez recobra o control de Sargadelos, asociándose cos coruñeses Atocha e Morodo en 1873. Dous anos máis tarde, a empresa pechaba pola mala xestión dos propietarios.

Os motivos xeométricos nas figuras de Sargadelos foron tomados do románico e o barroco galegos

Sargadelos volveu rexurdir en 1948 no Castro de Samoedo, en Sada (A Coruña) preto dun antigo castro celta. Alí volvéronse producir cerámicas feitas coas terras do norte lugués. Logo de experimentar técnicas e deseños diferentes, acadaron por reproducir en series moi limitadas figuras orixinais de artistas plásticos. En 1955, o interese suscitado polas experiencias do Castro permitiu a creación dunha proxección súa en Arxentina. Mentres, no Castro, en 1960, construíuse unha nova planta incorporando á súa producción

As instalacións de Sargadelos tiveron varias ampliacións ao longo do século XIX. Na foto, restos das reais fábricas en Cervo

deseños entroncados con motivos abstracto-xeométricos tomados do románico e do barroco galegos. En 1963, Cerámicas do Castro e o Laboratorio de Formas asinan un convenio para a creación do Museo Carlos Maside, Ediciós do Castro e outras institucións ideadas para traballar na recuperación da memoria histórica de Galicia. En 1968, principiaron as obras da factoría de Cervo (Lugo), trala constitución da sociedade Cerámica de Sargadelos, comezando deseguida a fabricación das primeiras pezas. Tratábase de restaurar nesta nova etapa o espírito do antigo Sargadelos, a súa concepción ética da empresa, afastada de calquera tentación especulativa. ✸

Defensa da cultura e da lingua de Galicia

Os ilustrados galegos dan unha enorme importancia á educación, a través da cal pensan que tería solución a maioría dos problemas de Galicia. Denuncian o atraso científico e preocúpanse pola mellora da formación das clases populares. Neste campo, debemos resaltar a defensa que fai Martín Sarmiento do ensino en lingua galega.

Cos ilustrados galegos iníciase un período de estudo e revalorización da lingua, a literatura e a realidade galega. E xorde un compromiso de procura de solucións galegas na orde económica e cultural.

Os ilustrados defenden o idioma galego e inician estudos de recollida de léxico

Escritos de calidade dos ilustrados

Desde finais do século XV fora unha constante en Galicia a escasa produción de escritos –de literatura ou doutro tipo– e a pouca calidade literaria, tanto en galego como en castelán.

Pola contra, na segunda metade do XVIII os ilustrados galegos escriben con asiduidade valiosas obras, sexan de historia, economía, ensaio, literatura, etc. Maioritariamente, os escritos son



Aínda que a industria da imprenta xa estaba asentada, a Ilustración incrementou a mecanización dos traballos, como amosa este gravado do século XVIII

en idioma castelán, que se converteu en lingua de cultura dos galegos, e só unha minoría dos textos aparecen en galego.

Se, como vimos, o público culto en idioma galego desaparecera nos séculos anteriores, agora o castelán servirá de vehículo de comunicación cun público instruído. Por iso non é estraño que, ata cando se defende o uso do galego, se faga con escritos en castelán. Non hai que esquecer que a educación e instrución estábase facendo exclusivamente en idioma castelán. E é irrefutable que para comunicar un pensamento complexo precisamos dominar a linguaxe, porque é o instrumento humano da nosa intelixencia.

Haberá que esperar á seguinte centuria para que a semente agora plantada frutifique. Estánse

sentando as bases que farán posible o Rexurdimento, é dicir, a reaparición do galego como lingua escrita de cultura e de creación literaria.

Labor de individualidades

En calquera caso, o labor dos ilustrados galegos é de individualidades. Ten o valor de que achegan as súas reflexións e reivindicacións, inician un cambio nas mentalidades, pero non conseguen modificacións substanciais na situación existente en Galicia nese momento.

De todos os ilustrados galegos, tres son os que destacan polo seu traballo en defensa do idioma e da literatura galega: o Padre Feijoo, o Padre Sobreira e, sobre todo, o Padre Sarmiento. Con todo, a curto prazo, non conseguen frear o proceso de marxinación social e cultural do galego.

Realizan os seus estudos nun momento, o século XVIII, en que hai unha forte tradición literaria nas linguas nacionais de Europa que gozan xa de avanzados tratados gramaticais, mentres que o galego é menosprezado e considerado un dialecto, ou (como indica Dolores Vilavedra) hai ata algúns ilustrados que o ven como unha curiosidade erudita e non como unha lingua a reivindicar.

Portada facsímil dun traballo do ano 1694 sobre o teatro universitario no que interveñen o Mestre Feijoo e o Pai Sarmiento, exemplos da Ilustración galega


THEATRO
ANTI-CRITICO UNIVERSAL;
SOBRE LAS OBRAS
DEL MUY R. P. MAESTRO
FEYJOO;
DE EL PADRE MAESTRO
SARMIENTO,
Y DE DON
SALVADOR MAÑER;
EN QUE SE EMPIEZA CON UN BREVE SELECTO
LIBRO PRIMERO.
DEDICADO
A LOS SEÑORES MARQVESES
de Torre-Nueva, &c.
SU AUTOR.
CON PRIVILEGIO: En la Oficina de Francisco Martinez

OS PRINCIPAIS ILUSTRADOS GALEGOS

(Clasificación seguindo ao historiador Fausto Dopico)

Precursores

- Feijoo (1676-1764)
- Sarmiento (1695-1772)

Reformistas

- Castro Fernández (1721-1790)
- Cornide Saavedra (1734-1803)
- Somoza de Monsoriú (?-1809)
- Herbella de Puga (1735-1807)
- Sobreira Salgado (1746-1805)
- Seixo (1747-1802)
- Cónsul Jove
- Caamaño e Pardo (1761-1819)

Abolicionistas

- Sánchez Baamonde (1749-1806)
- Labrada (1762-1842)
- Pereira (?-1811)
- Ibáñez (1749-1809)
- Rodríguez González (1770-1824)



XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura